

**VI. ANUNCIOS****B) ADMINISTRACIÓN LOCAL****CONCELLO DE VIGO**

*ANUNCIO do 1 de febreiro de 2023, da Xerencia Municipal de Urbanismo, das bases que rexerán a oferta de 2021/2022.*

Con data do 24 de xaneiro de 2023 publicáronse no *Boletín Oficial* da provincia de Pontevedra as bases xerais e específicas que rexerán a convocatoria dos procesos selectivos para cubrir as prazas vacantes incluídas na oferta de emprego público de 2021/2022. As prazas vacantes son as seguintes:

- Dúas de técnico/a de Administración xeral (acceso libre).
- Unha de técnico/a de xestión (promoción interna).
- Tres de administrativo/a (dúas de acceso libre e unha de promoción interna).
- Dúas de auxiliar administrativo/a (unha de acceso libre e unha de promoción interna).

Vigo, 1 de febreiro 2023

O alcalde  
P.D. (Resolución do 11.7.2019)  
María José Caride Estévez  
Vicepresidenta da Xerencia Municipal de Urbanismo

